



CINE E DVDs



Las crónicas de Narnia. La travesía del viajero del alba.



Harry Potter y las reliquias de la muerte.



El diario de Carlota.



Tres metros sobre el cielo.



The way (el camino).



When you are strange.




IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL 2010



*Agasalla
libros polo
Nadal*



1º e 2º da ESO

3º e 4º da ESO

BACHARELATO



A ciencia no punto de mira. Jorge Mira.

Quen dixo que a ciencia é aburrida? Descubre por que a música de Mozart aumenta a intelixencia, como funciona o botafumeiro, como debemos comunicarnos cos extraterrestres...e outras setenta cuestións máis.

Cuatro suecos en París.

Estes acertixos de nivel básico están concibidos para o gran público, e son ideais para compartilos co seu círculo de amig@s e familiares. Pero tamén serán de especial utilidade para o profesorado e os pais e nais que desexen espertar no alumnado a curiosidade polas matemáticas.



Una habitación en Babel. Eliacer Cansino.


sino.

A Torre é o maior edificio do pobo, un bloque ácido e inhumano no que viven tantas persoas como en toda a urbanización de casañas adosadas que acababan de construír nas aforas. Nela viven Ángel e Gil, Nor e Berta, Rashid e Stéfano. Cada un na súa habitación da Torre, falando co seu propio acento, pero obrigados a entenderse cando descubren que pertencen a unha mesma historia.



Periferia. Iolanda Zúñiga.

Luciana e Brown unen os seus destinos, marcados polo amor, o narcotráfico e a violencia, nos límites dunha das favelas de Sao Paulo. Alí na periferia desordenada da megalópole transcorre esta historia, escrita ao ritmo do rap, na que se esculcan os ingredientes da vida urbana no século XXI. Novela polifónica, con constantes referencias á cultura popular, á cultura de masas, á música, aos medios, á publicidade, ao cine, ao fútbol, está tecida cunha mestura de textos tipicamente postmoderna.



O coitelo en novembro. Marilar Aleixandre

A obra móvese a cabalo entre a novela e o conxunto de relatos. Nela "as persoas resisten-se a ser tratadas como personaxes; os contos auténticos enguedéllanse cos inventados, se é que non son todos inventados", e así resulta "un canto ao poder das palabras que, como na historia de Alí Babá, poden chegar a fender montes". Toda unha homenaxe ao mundo da ficción literaria.

A pousada do sétimo día. J. Farias.

Todos os 25 de xullo, se é ano Xacobeo, aparece nun claro do bosque a taberna do Suso. El, a súa muller e máis un neto, pasaron a ser ánimas en pena, cando anos atrás deron mal trato a uns pobres que ían de peregrinación.



Todo é silencio. Manolo Rivas.

A novela narra o irresistible ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista, e das almas que habitan Brétema, o universo que domina ao seu antollo. En Brétema, na costa atlántica, houbo un tempo en que as redes do contrabando, reconvertidas ao narcotráfico, acadaron tanto poder que estiveron moi preto de controlar o poder social e as institucións.



El sueño del celta. Vargas Llosa.

A aventura que narra esta novela comeza no Congo en 1903 e remata nun cárcere de Londres, unha mañá de 1916. Aquí se narra a peripecia vital dun home de lenda: o irlandés Roger Casement. Heroe e vilán, traidor e libertario, moral e inmoral, a súa figura múltiple apágase e renace trala súa morte.

Poesía última de amor e enfermidade. Poesmas 1981/1991. Lois Pereiro.

Autor homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2011, o poeta Lois Pereiro é un autor de culto, representante da eclosión creativa dos anos 80 e da contracultura. En 1991 publica o primeiro dos seus poemarios, *Poesmas 1981/1991* e tres anos despois *Poesía última de amor e enfermidade*.

